



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 44 /2023

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA A UTILIZACIÓN DO “CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL” DE TITULARIDADE PROVINCIAL

En Ferrol, o 2 de maio de 2023.

Ante min, LEOPOLDO MOURE GARCÍA, Secretario Xeral do Concello de Ferrol, como fedatario actuante

REUNIDOS

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, e Don Ángel Manuel Mato Escalona, Alcalde Presidente do Concello de Ferrol.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña é titular do centro de día denominado Centro de día de menores de Ferrol, situado na rúa Sánchez Barcáiztegui, 35, de Ferrol e destinado a estancia de menores de idades comprendidas entre os 0 e os 12 anos.

Que dende o ano 1995, e con base ao Convenio asinado o 19/04/1995, entre o Concello de Ferrol e a Deputación Provincial da Coruña, para a utilización do Centro de día de menores de Ferrol (no seu día Fogar Infantil), o Concello de Ferrol ten reservada unha serie de prazas (actualmente 70), para a súa asignación a menores de familias empadroadas e residentes no Concello de Ferrol.

Que o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, enmarca os centros de día como un recurso dos programas de educación e de apoio familiar municipal dos servizos sociais comunitarios.

Que o citado Decreto regula como función propia dos servizos sociais comunitarios específicos, e en relación á Lei 13/2008, a xestión dos centros de día destinados á primeira infancia para a conciliación da vida laboral e familiar (artigo 26.f.) e a atención a menores en situación de risco social, mediante equipamentos e programas orientados á súa atención psicosocial e educativa (art. 26.h).

Que a Lei 3/2007, do 22 de marzo, de igualdade efectiva entre mulleres e homes, recolle no seu artigo 14, como criterio xeral de actuación dos poderes públicos, o establecemento de medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar das mulleres e dos homes, así como o fomento de instrumentos de

colaboración entre as distintas administracións públicas. No mesmo senso se pronuncia o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido da disposicións legais da CCAA de Galicia en materia de igualdade no seu artigo 5.2.

Dado o interese coincidente de Deputación Provincial da Coruña e do Concello de Ferrol ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

1.OBXECTIVOS DO PROGRAMA

1.1.- O programa Centro de día de menores de Ferrol, consiste nun servizo de acollida diúrna para menores do concello que intenta preservar e potenciar a integración familiar das familias de Ferrol, como recurso de protección ademais de garantir as necesidades básicas. O centro desenvolve un programa de atención de día con prestacións básicas e outras complementarias para nenos e nenas de entre 4 meses e 12 anos de idade pertencentes a familias usuarias dos servizos sociais municipais ofrecendo programas de apoio socioeducativo e familiar.

1.2.- Ente os seus obxectivos específicos se atopan o de favorecer procesos de inclusión no eido comunitario e educativo, tanto no eido individual como familiar; facilitar nas e nos menores e nas familias a interiorización de hábitos que posibiliten cambios de actitudes e comportamentos; procurar a creación de redes; posibilitar que as e os menores se relacionen positivamente coa súa contorna; garantir unhas condicións axeitadas de saúde, hixiene e nutrición; e desenvolver actividades lúdicas inclusivas que favorezan o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo a sensorial.

1.3.- Horarios do centro :

Horario de apertura e peche do centro de 8.00 a 22.00 h. De luns a venres.

Sábados. De 8.00 a 15.00 h.

(* En períodos non lectivos en función da xornada reducida de 8.00 a 21.00 h de luns a venres e sábados de 8.00 a 14.00 h)

2.PRAZAS E REQUISITOS

2.1.- Resérvase, a disposición do Concello de Ferrol, ata o número máximo de 70 prazas, para menores de 4 meses a 12 anos, en réxime de Centro de día, de conformidade coas disposicións de réxime interno do Centro, durante todo o ano natural, contado a partir do inicio de vixencia deste convenio.

Aos efectos do cómputo das idades anteriores, no momento do inicio do curso escolar o/a menor deberá ter unha idade comprendida entre o 4 meses e non ter cumprido os 12 anos. No momento do remate do curso escolar os/as menores que teñan 12 anos cumpridos causarán baixa.

2.2.- O Concello poderá solicitar unha prórroga de estancia para maiores de 12 anos con irmáns/ás menores no centro e prórrogas excepcionais para casos con especial atención, previo informe técnico dos servizos sociais municipais.

2.3.- Os servizos sociais municipais terán en conta os seguintes requisitos para tramitar o acceso ao Centro de Día:

- Menores pertencentes a familias empadroadas e residentes no Concello de Ferrol.
- Menores pertencentes a familias que, debido a dificultades específicas de carácter económico, de carácter social e/ou de conciliación, necesiten dun apoio diario e puntual para completar a atención das súas fillas e fillos.
- Que o/a menor para o/a que se solicita praza teña unha idade comprendida entre os 4 meses e os 12 anos.

2.4.- Non se considerarán persoas beneficiarias no caso de que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Persoas menores que se atopen en situación de desamparo e, polo tanto, son susceptibles de estar suxeitas á xurisdición da Xunta de Galicia.
- Persoas menores que necesiten atención psicoeducativa en centros específicos para o seu tratamento.
- Persoas menores con trastornos mentais ou de conduta moi grave que requiran dunha intervención psicoeducativa específica.
- Persoas menores procedentes de unidades familiares con ingresos que sexan superiores a 3,5 veces o IPREM.

2.5.- Ocupación praza dobre.

Para aqueles casos de menores con necesidades educativas especiais (N.E.E) de acordo co persoal técnico dos servizos sociais municipais e do Centro de día de menores de Ferrol, poderá determinarse un ratio de “ dobre ocupación da praza “

3.COBERTURA DE PRAZAS/VACANTES

3.1.- As vacantes cubriranse previa solicitude de ingreso (anexo I) á Deputación, e adopción por ésta da correspondente resolución, salvo en supostos de emerxencia nos que se solicitará o ingreso e con posterioridade formalizárase o correspondente expediente.

3.2.- A proposta de cobertura de prazas vacantes e a valoración das solicitudes corresponderá aos servizos sociais municipais, que darán preferencia sempre a persoas en situación de vulnerabilidade económica e exclusión social. A Deputación Provincial oferta, conforme a este convenio, a función de centro de día para familias que participan dos programas de Benestar Social do Concello de Ferrol.

3.3.- Poderán tramitarse as baixas do centro de día nos seguintes casos:

- A petición da familia/titor do/a persoa menor usuaria.
- De oficio. Serán tramitadas as baixas de oficio:
 - Cando se acredite un uso anómalo da praza adxudicada (desaproveitamento dos recursos, faltas inxustificadas...)
 - No suposto de falta de cumprimento dos requisitos sinalados no punto 2.4 ou cando, referido ás idades
 - No que respecta ás idades, cando ao remate do curso escolar os/as menores teñan 12 anos cumpridos.

4.SEGUIENTO DOS/AS MENORES

4.1.- O seguimento do/a menor usuario/a do Centro de día de menores de Ferrol e o da súas familias corresponderá á Concellería de Benestar Social do Concello de Ferrol, establecéndose unha coordinación cos servizos sociais da Deputación Provincial ao comezo de cada curso escolar, e dende aí, a través de reunións de

coordinación coa dirección e persoal educativo do centro e de seguimento dos casos segundo a programación anual do centro.

4.2.- Documentarase axeitadamente o expediente de cada neno e nena antes de que ingrese no centro, elaborándose e incorporando ao mesmo os correspondentes informes e proxectos socioeducativos (PEI) según regulan os protocolos da Xunta de Galicia para centros de menores coa temporalización establecida nos mesmos elaborados polo persoal educativo do centro co conforme da dirección.

4.3.- Para realizar as tarefas de seguimento das familias, que corresponden á Concellería de Benestar Social do Concello de Ferrol, permitirase a utilización do centro se se considera necesario para garantir o seu axeitado desenvolvemento. Así mesmo, poderá ser utilizado o Centro polos servizos municipais para aquelas actividades complementarias que permitan unha axeitada atención das e dos menores beneficiarios/as do Programa, como as lúdicas, socioculturais, pedagóxicas e/ou didácticas, cos medios de que dispoña o propio Centro ou os que dispoña a administración municipal, e que contén co informe favorable da dirección do Centro.

5. TRASPORTE

O Centro de día de menores de Ferrol ofertará entre outras prestacións un servizo de transporte para aquelas familias usuarias que expoñan dificultades para o traslado dos menores ao Centro para facilitar a conciliación da vida familiar/laboral.

O servizo consistirá na recollida dos menores á saída dos seus Centros escolares e o seu posterior traslado ao Centro. Os itinerarios estableceranse ao comezo do curso escolar en función das solicitudes presentadas. O servizo prestarase durante o curso escolar (de setembro a xuño).

O Concello tramitará a solicitude de transporte no Anexo I ou no Anexo IV, segundo corresponda.

6. PREZO DAS PRAZAS

O prezo das prazas ocupadas liquidarase con carácter trimestral e estará determinado pola xornada de ingreso de cada menor no Fogar Infantil, establecéndose unha cota de 100 €/praza ocupada/mes para media xornada (ata 4 horas) e 150 €/praza ocupada/mes para xornada completa (máis de 4 horas e ata o máximo de 8 horas). A liquidación correspondente a cada trimestre natural será efectuada pola Deputación Provincial no mes seguinte.

7. DURACIÓN DO CONVENIO

A duración do presente convenio será de dous anos, con posibilidade de prórroga por outros dous anos máis (2+2), previo acordo expreso de ambas dúas partes adoptado cunha antelación mínima de tres meses antes do remate do mesmo.

Previamente á aprobación da prórroga deberá acreditarse no expediente que non se deben cantidades derivadas do convenio, e que de non ser así non poderá procederse a citada prórroga.

A vixencia do Convenio será desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 1 de xaneiro de 2025.

8. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase unha comisión paritaria formada por un/unha representante do Concello e un/una representante da Deputación co fin de efectuar un seguimento do grao de cumprimento do convenio e resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan prantexarse. A comisión reunirase sempre que o solicite unha das partes.

9. RESCISIÓN, DENUNCIA E MODIFICACIÓN

9.1.- En caso de incumprimento das obrigas establecidas respecto do compromiso económico que se determine, a Deputación Provincial poderá rescindir o presente convenio sen máis obriga que a de requirir fehacemente o pago, cun mes de antelación, á data en que resulte extinto.

9.2.- No caso de que calquera das partes decida resolver o presente convenio, deberá anunciálo á outra con, polo menos, tres meses de antelación.

9.3.- As partes poderán modificar o presente documento en calquera momento e de mutuo acordo, figurando os cambios como anexo a este convenio.

10. CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO.

Os acordos que se reflicten neste convenio terán sempre carácter administrativo.

As cuestións litixiosas xurídicas sobre a interpretación, a modificación, a resolución e os efectos do presente convenio, serán resoltas en primeira instancia pola Comisión Mixta paritaria. En defecto de acordo e para calquera cuestión litixiosa non resolta que se derive do Convenio acudirase á xurisdición contencioso-administrativa.

11. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes estarán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos.

O Concello de Ferrol, responsable do tratamento, poñerá a disposición da Deputación da Coruña, encargada do tratamento, a información necesaria para a correcta prestación do servizo.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A Deputación provincial, tratará os datos coas finalidades e usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos, ante o Concello de Ferrol.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da presidencia número 2023/15137 do 14 de abril de 2023, que modifica a resolución número 2022/52463 do 15 de decembro do 2022

Lido por ámbalas dúas partes e como proba de conformidade asinan por duplicado este convenio de colaboración, no lugar e na data que figura ao comezo deste documento.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACION
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O ALCALDE PRESIDENTE DO
CONCELLO DE FERROL**

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: D. Ángel Manuel Mato Escalona

**O SECRETARIO XERAL
DO CONCELLO DE FERROL**

Asdo. : LEOPOLDO MOURE GARCÍA